



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día once de setembro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 4 de setembro de 2018

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 4 de setembro de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Real decreto-lei 11/2018, de 31 de agosto, de transposición de directivas en materia de protección dos compromisos por pensións cos traballadores, prevención do branqueo de capitais e requisitos de entrada e residencia dos nacionais de países terceiros e polo que se modifica a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (Boletín Oficial do Estado número 214 do 4 de setembro de 2018).

3º. Expedientes de contratación



3.1. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, da actuación denominada “Instalación de caldeira de biomasa no campo de fútbol municipal Dani Mallo”, financiada con fondos europeos Feader ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2017 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (DOG núm. 21 do 30 de xaneiro de 2018). Expte.: 2018/C002/000212

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de setembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2018/C002/000212 para a adjudicación, mediante a modalidade de contrato menor, da actuación cofinanciada con fondos europeos Feader ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2017 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (DOG núm. 21 do 30 de xaneiro de 2018), da actuación denominada “Instalación de caldeira de biomasa no campo de fútbol municipal Dani Mallo”,

Logo de ver o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adjudicataria “IDM Pereira, S.L.”, así como o informe favorable a dito plan, presentados ambos dous documentos por don Guillermo Penedo Cobelo, designado como coordinador de seguridade e saúde, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 5 de setembro de 2018, ao número 0/6135,

Á vista do informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal, con data 6 de setembro de 2018,

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición,

Vista a proposta do concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 6 de setembro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde redactado pola adjudicataria “IDM Pereira, S.L.” e presentado por don Guillermo Penedo Cobelo para a execución da actuación denominada “Instalación de caldeira de biomasa no campo de fútbol municipal Dani Mallo”, cofinanciada con fondos europeos Feader ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2017 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018,



cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (DOG núm. 21 do 30 de xaneiro de 2018).

Segundo: Notificar estes acordos ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde, aprobación do Plan de xestión de residuos, e aprobación do Programa de traballo presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.* adxudicataria da obra “*Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple*”, incluída no POS+ Adicional 1/2017. Expediente 2017/C003/000015.

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de setembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2017/C003/000015 para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, da obra “*Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple*”, incluída no POS+ Adicional 1/2017.

Visto o Plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria *Jardinería Arce, S.L.*, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 5 de setembro de 2018 e rexistrado co número 0/6131, ao que achega o informe favorable emitido por dona Laura López Santiago (da empresa Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U.), designada como coordinadora de seguridade e saúde da obra por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 17 de xullo de 2018.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto o Plan de xestión de residuos presentado por la empresa *Jardinería Arce, S.L.*, con rexistro de entrada no concello de Cambre o día 5 de setembro de 2018 e rexistrado co número 0/6133.

Visto o Programa de traballo presentado pola empresa adxudicataria *Jardinería Arce, S.L.*, con rexistro de entrada no concello de Cambre o día 5 de setembro de 2018 e rexistrado co número 0/6132.

Vistos os informes favorables emitidos con data do 6 de setembro de 2018 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; no Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 6 de setembro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución da obra denominada "*Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple*", incluída no POS+ Adicional 1/2017. Expediente 2017/C003/000015.

Segundo: Aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución da obra denominada "*Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple*", incluída no POS+ Adicional 1/2017. Expediente 2017/C003/000015.

Terceiro: Aprobar o Programa de traballo presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución da obra denominada "*Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple*", incluída no POS+ Adicional 1/2017. Expediente 2017/C003/000015.

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Jardinería Arce, S.L.*, e a dona Laura López Santiago, (da empresa Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U.), coordinadora de seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 31 de agosto ao 6 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1753/2018 e remata coa resolución da Alcaldía número 1780/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1753/2018	31/08/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de setembro de 2018
1754/2018	31/08/2018	Aprobación da solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede a súa convocatoria para os anos 2018 e 2019
1755/2018	31/08/2018	Denegar a axuda recibo gas, luz e auga por existir avalista no contrato de aluguer. Solicitante: MCSL
1756/2018	31/08/2018	Conceder a axuda alimentación por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ARA
1757/2018	31/08/2018	Conceder a axuda alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ESM
1758/2018	31/08/2018	Aprobación provisional plan especial de equipamento en solo rústico en Cela, Cambre
1759/2018	31/08/2018	Subministración de dúas rodas para tractor brigada de obras
1760/2018	31/08/2018	Expediente de disciplina urbanística 07/62/12 por construcións sen licenza en finca sita en Mercurín, Anceis
1761/2018	03/09/2018	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 6 de setembro de 2018, con carácter supletorio da correspondente ao día 23 de agosto de 2018



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1762/2018	03/09/2018	Desestimento tarxeta estacionamento de AMRS
1763/2018	03/09/2018	Desestimento tarxeta estacionamento de MGR
1764/2018	04/09/2018	Aprobar a realización da actividade "XVI Xornadas Castrexas Xornadas Castrexas 2018
1765/2018	04/09/2018	Aprobación xestión padroal do mes de setembro de 2017
1766/2018	04/09/2018	Declaración de ruína de edificación sita en Sobrecarreira, Sigrás. Titular JDC
1767/2018	04/09/2018	Nomeamento de persoal interino operario de servizos por substitución transitoria do titular do posto, facendo uso da listaxe de reserva existente
1768/2018	04/09/2018	Outorgamento á empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. do prazo de rectificación da documentación previa á adxudicación da obra Reordenación dos estacionamentos na rúa Río Sil, A Barcala, incluída no POS+ Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña
1769/2018	04/09/2018	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xullo de 2018
1770/2018	05/09/2018	Contrato menor para compra de material para programa de educación vial en centros escolares "rutas escolares"
1771/2018	05/09/2018	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividades xuvenís mes de xuño 2018
1772/2018	06/09/2018	Denegar a axuda recibo auga por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MACD
1773/2018	06/09/2018	Aprobación de despesas do recargo por declaración extemporánea sen requerimento previo
1774/2018	06/09/2018	Servizo de tratamento antiesvaramento para beirarrúas
1775/2018	06/09/2018	Subministración de material deportivo para pistas polideportivas
1776/2018	06/09/2018	Reparacións en pistas polideportivas
1777/2018	06/09/2018	Autorización apertura urna sinalada co nº 5, letra B, dos perimetrais, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de AFB, falecido o 28 de xullo de 2018
1778/2018	06/09/2018	Expedientes de disciplina urbanística 07/98/05 e sancionador 15/30/05 por construción de nave industrial en rúa Daimler, Polígono Industrial de Espírito Santo, Cecebre, sen axustarse á licenza concedida
1779/2018	06/09/2018	Autorización apertura urna sinalada co nº 159, letra A, dos perimetrais, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona DRG o día 28 de agosto de 2018
1780/2018	06/09/2018	Autorización apertura urna sinalada co nº 77, letra B, dos perimetrais, co fin de inhumar o cadáver de don CLIC, falecido o día 29 de agosto de 2018

5º. Informes doutros asuntos de área



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta do seguinte asunto:

- Mantiveron reunións coas asociacións de veciños de Bribes e de Meixigo e relación ao orzamento municipal de cara ao exercicio do 2019

Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- Luns día 3, recibiu no seu despacho a secretaria da Asociación veciñal do cemiterio de Bribes, co obxecto de realizar varias xestións que foron atendidas e solucionadas.

- Martes día 4, ás 10:00 horas, mantivo na Alcaldía unha reunión, estando presentes varios membros do goberno, onde tamén acudiron dous membros de xunta directiva de Meixigo, para facer varias peticións.

- Sábado día 8, ás 21:00 horas, acudiu acompañando ao concelleiro de Cultura ao concerto "Sementeira Onte e Hoxe que tivo lugar no anfiteatro de Cambre.

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 4 de setembro mantivo unha reunión na Alcaldía coa AAVV de Bribes.

- O día 5 de setembro asistiu a unha reunión en Santiago para tratar sobre a campaña Cambre en Negro.

- O día 7 de setembro Comisión de Escolarización.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 4 asistiu a unha reunión na alcaldía coa asociación veciñal de Bribes para tratar os orzamentos de cara o vindeiro ano.

- O día 5 tamén recibiu á asociación de Meixigo polo mesmo tema. Este día recibimos a resolución favorable por parte da Xunta de Galicia, conforme nos conceden tres cursos do Plan AFD para desempregados por un importe de 231.006,90 €.

- O día 6 asistiu a unha reunión do consello escolar no CEIP plurilingüe Graxal ás 12h na sala de mestres.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de:

- Adxudicación á empresa «Construcciones Ponciano Nieto, S.L.» da obra consistente na nova rede de pluviais no camiño municipal codificado co nº 175, Sixto, Cambre, no prezo ofertado de 9.085,61 € sen IVE, 10.993,58 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

Único: Adxudicación á empresa «Construcciones Ponciano Nieto, S.L.» da obra consistente na nova rede de pluviais no camiño municipal codificado co nº 175, Sixto, Cambre, no prezo ofertado de 9.085,61 € sen IVE, 10.993,58 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo. Expediente: 2016/C002/000188.

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de setembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 12 de xullo de 2018 elaborouse pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, un proxecto técnico así coma unha memoria valorada da obra consistente na nova rede de pluviais no camiño municipal codificado co nº 175, Sixto, Cambre, cun orzamento de 10.802,05 € sen IVE e 13.070,48 € IVE incluído.

Con data 13 de xullo actual emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, polo concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente e polo Alcalde, motivado na necesidade de executar unha rede de pluviais de 81 m de lonxitude, con tubería de PVC diámetro 400 mm, a realización de 5 pozos de resalto para rectificar a pendente do camiño e 2 sumidoiros para a recollida da escorrentía superficial debido a que como no entorno non existe rede de pluviais, cando se realizan obras nas urbanizacións da zona, estas verten as súas augas pluviais por escorrentía superficial, provocando filtracións a propiedades privadas e deterioros na vía pública. Considérase fundamental a execución destas obras na tempada de verán (época seca) debido á importante cantidade de augas pluviais que hai que encauzar, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

Con data 18 de xullo de 2018 emítese informe polo interventor de As Pontes en acumulación de funcións en Cambre de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2018 160 61900 e de que, para os efectos do establecido no art. 118.3 da Lei 9/2017, respecto dalgunhas das empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario, se ben se advirte de que “se remiten a intervención, para a emisión de informe de consignación orzamentaria e contratos subscritos, dous expedientes de contrato menor de obras, o exp TEDEC 2018/C002/000186 (valor estimado 26.272,20 euros) e o exp TEDEC 2018/C002/000188 (valor estimado 10.802,05 euros).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Consta na contabilidade municipal a data de día de hoxe factura emitida por CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L., correspondente a contrato menor de obras, que conxuntamente con ambos expedientes supera o límite máximo permitido, o cal se advirte, para que se teña en conta polo órgano xestor á hora de remitir as solicitudes de oferta cando en concurrencia coa mesma supere a contía máxima permitida para o contrato menor de obras.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e oito de agosto de dous mil dezoito, fóra da orde do día e logo da declaración de urxencia aprobada por unanimidade dos seis concelleiros que asistiron á sesión adoptou o seguinte acordo: “A) Adjudicación á entidade “Excavaciones J. Cancela Esmorís, S.L.”, no importe de 23.497,76 € sen IVE, 28.432,29 € IVE incluído, a obra de saneamento en rúa Gándara do nº 1 ao nº4, Pravio, Cambre. Expediente núm. 2018/C002/000186”, polo que Construcciones Ponciano Nieto, S.L. non ten superado o límite establecido no artigo 118.3 da Lei 9/2017.

Con data 14 de agosto de 2018 emítese informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Excavaciones y Obras Candal, S.L.
- Excavaciones J.Cancela Esmorís, S.L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Erfinco, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Excavaciones y Obras Candal, S.L.	10.344,28 €	12.516,58 €
Excavaciones J.Cancela Esmorís, S.L.	9.241,34 €	11.182,02 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	9.085,61 €	10.993,58 €
Erfinco, S.L.	10.802,05 €	13.070,48 €

e formulando proposta de adjudicación da obra da nova rede de pluviais no camiño municipal codificado co nº 175, Sixto, Cambre, a prol do licitador Construcciones Ponciano Nieto, S.L., con NIF B15293145 e domicilio en rúa Agra dos Cregos, 28-baixo-15850-Zas (A Coruña) no prezo ofertado de 9.085,61 € sen IVE, 10.993,58 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, sen menoscabo que desde a Intervención municipal nos indiquen que de conformidade co establecido na Base vixésimo quinta do orzamento de 2018, se a empresa proposta subscribiu ou non máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Achégase ao informe a declaración responsable do licitador, así como a documentación acreditativa da capacidade de obrar e certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e consta no expediente informe de Tesourería de que o licitador non ten obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre.



Consta informe proposta emitido pola secretaria accidental con data de 10 de setembro de 2018.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de urbanismo, obras e medio ambiente.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria da obra consistente na execución da obra da nova rede de pluviais no camiño municipal codificado co nº 175, Sixto, Cambre, cun orzamento de 10.802,05 € sen IVE e 13.070,48 € IVE incluído.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2018 160 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2018/C002/000188, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato da obra consistente na nova rede de pluviais no camiño municipal codificado co nº 175, Sixto, Cambre, ao licitador Construcciones Ponciano Nieto, S.L., con NIF B15293145 e domicilio en rúa Agra dos Cregos, 28-baixo-15850-Zas (A Coruña) no prezo ofertado de 9.085,61 € sen IVE, 10.993,58 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López